

Contrato de subministración Procedemento aberto simplificado Tramitación ordinaria		
Documento CON13I21U	Expediente CON/49/2019	Data Creación: 26-11-19 08:58

ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Subministración, instalación e posta en marcha dunha lavadora con barreira sanitaria para o servizo de extinción de incendios e salvamento do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 41.000 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto simplificado.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 28 de novembro de 2019, ás 9.15 horas.

ASISTENTES:

Presidente: Gonzalo Muíños Sánchez.

Vogais: Berta Rosón López, en representación da Intervención Xeral.
Iñaki Bilbao Castro, letrado da Asesoría Xurídica municipal.

Secretario: Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A mesa procede á análise do informe de verificación do cumprimento dos requirimentos do prego técnico de aplicación, do que realiza unha breve exposición o técnico redactor, Manuel Sanmartín Chao, xefe do parque de bombeiros, e do que resulta que as ofertas presentadas polas empresas BOAYA SL, MP DICLESA SL e ALLIANCE LAUNDRY SYSTEMS SPAIN non se axustan as especificacións de dimensións establecidas, polo que propón a súa exclusión da licitación. Este informe conta co voto favorable de todos os membros da mesa en canto ao seu contido e conclusións.

En consecuencia, esta mesa de contratación, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Excluir da licitación ás empresas BOAYA SL, MP DICLESA SL e ALLIANCE LAUNDRY SYSTEMS SPAIN, xa que as súas ofertas non se axustan as especificacións de dimensións establecida no prego técnico de aplicación.

SEGUNDO: Trasladar á concelleira delegada de economía, facenda, persoal, contratación e modernización da administración local o resultado desta licitación, aos efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ao licitador M. MATOS Y R. BECERRA SL, única oferta presentada que cumpre os requirimentos técnicos mínimos e oferta un importe de 31.400 euros IVE aparte, para que dentro do prazo de sete días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ao aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9.30 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA

